



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CINCO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 29)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. Leticia Rodríguez Díaz

Interventora:

D^a. Gloria Baamonde Tomé

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **cinco de agosto de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Secretaria-Interventora D^a. Leticia Rodríguez Díaz, e asiste como Interventora D^a Gloria Baamonde Tomé, Xefa do Servizo de Fiscalización.

Asisten telemáticamente o Presidente don José Tomé Roca, os señores. Deputados don Pablo Rivera Capón e don Roberto Fernández Rico, e a señora Deputada dona Mayra García Bermúdez, manifestando que se encontran en territorio español.

Non asisten o señor deputado don Xosé María Arias Fernández e a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de xullo de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE PROXECTOS DO PLAN ÚNICO 2022.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do Concello de Chantada, solicitando modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Chantada no que solicita a modificación de proxectos de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:



1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28-12-2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10-01-2022.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 05/04/2022, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	61	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AO NÚCLEO DE ANSOAR	0,00 €	48.004,74 €	48.004,74 €
CHANTADA	62	PAVIMENTACIÓN DE VIAL A LAMA-MOSTEIRO	18.585,70 €	31.021,67 €	49.607,37 €
CHANTADA	63	PAVIMENTACIÓN DE VIAL BRIGOS DE ARRIBA - SANTA UXÍA	0,00 €	114.091,63 €	114.091,63 €
CHANTADA	64	PAVIMENTACIÓN DO VIAL O SOLAR-SITIÓS	0,00 €	77.633,56 €	77.633,56 €
CHANTADA	65	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE QUINTÁ	0,00 €	38.562,70 €	38.562,70 €

4. Non consta adxudicados os investimentos indicados.

5. A Alcaldía do Concello de Chantada a través de escrito con RE nº 2022RPE013463 de data 28/07/2022 solicita:

a) A modificación dos proxectos dos investimentos incluído inicialmente no PLAN ÚNICO 2022, concretamente os investimentos nº 61-62-63-64-65, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... dada a subida de prezos que sofre a economía,...”, polos que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	61	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AO NÚCLEO DE ANSOAR	18.962,94 €	48.004,74 €	66.967,68 €
CHANTADA	62	PAVIMENTACIÓN DE VIAL A LAMA-MOSTEIRO	38.225,80 €	31.021,67 €	69.247,47 €
CHANTADA	63	PAVIMENTACIÓN DE VIAL BRIGOS DE ARRIBA - SANTA UXÍA	45.279,47 €	114.091,63 €	159.371,10 €

CHANTADA	64	PAVIMENTACIÓN DO VIAL O SOLAR-SITIÓS	30.708,70 €	77.633,56 €	108.342,26 €
CHANTADA	65	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE QUINTÁ	15.260,13 €	38.562,70 €	53.822,83 €

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Chantada, que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.



A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Chantada, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
CHANTADA	61	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AO NÚCLEO DE ANSOAR	18.962,94 €	48.004,74 €	66.967,68 €
CHANTADA	62	PAVIMENTACIÓN DE VIAL A LAMA-MOSTEIRO	38.225,80 €	31.021,67 €	69.247,47 €
CHANTADA	63	PAVIMENTACIÓN DE VIAL BRIGOS DE ARRIBA - SANTA UXÍA	45.279,47 €	114.091,63 €	159.371,10 €
CHANTADA	64	PAVIMENTACIÓN DO VIAL O SOLAR-SITIÓS	30.708,70 €	77.633,56 €	108.342,26 €
CHANTADA	65	PAVIMENTACIÓN DO ACCESO AO NÚCLEO DE QUINTÁ	15.260,13 €	38.562,70 €	53.822,83 €

2º.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

3º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓNS DE PROXECTOS/CONTRATOS DE OBRAS.

Proposta en relacion coa modificación do proxecto da obra identificada como: O Páramo.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546) - Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Paramo (LU-P-4304)” (1.164m).

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“Primeiro.- En data 13/08/2021 aprobouse o proxecto técnico, expediente e contratación da obra denominada O Páramo.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Páramo (LU-P-4304)” (1.164m), cun orzamento de licitación de 367.722,81€, dos cales 63.819,66€ son de IVE.

Segundo.- A indicada obra, logo dos correspondentes trámites de licitación, foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno o 12/11/2021, a empresa TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, na cantidade de 298.590,91 euros, (IVE incluído) e con un prazo de execución de 6 meses.

Terceiro.- Con data 15/11/2021, formalizouse o correspondente contrato en documento administrativo con CSV: IV7FZXT5NAXOKSHPBVYTP5HUOU

Cuarto.- En data 14/12/2021, asínase acta de comprobación de reformulo.

Quinto.- Na data do 05-05-2022, recibíuse neste Servizo de Contratación e Fomento documento de proposta para recabar a conformidade do órgano de contratación para redacción da modificación do proxecto da obra identificado na cabeceira.

Sexto.- Por acordo da Xunta de Goberno de data 13-05-2022 autorizouse a redacción do proxecto modificado da obra sinalada, así como a continuación provisional das mesmas mentres se redacta a modificación do proxecto da indicada obra.

Sétimo.- Na data 26-07-2022, remitiuse a este Servizo de Contratación e Fomento expediente telemático 2022/XEN_01/001475, co proxecto modificado da obra identificado na cabeceira así como informe de supervisión favorable e Acta de Replanteo previo, incorporados ao expediente de aprobación de autorización de redacción de modificado.



Consideracións Xurídicas

Primeira.- Tendo en conta o previsto no artigo 97 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, (en adiante RXLCSP), que sinala “Con carácter general, salvo lo establecido en la legislación de contratos de las Administraciones públicas para casos específicos, cuantas incidencias surjan entre la Administración y el contratista en la ejecución de un contrato por diferencias en la interpretación de lo convenido o por la necesidad de modificar las condiciones contractuales, se tramitarán mediante expediente contradictorio, que comprenderá preceptivamente las actuaciones siguientes:

- 1. Propuesta de la Administración o petición del contratista.*
- 2. Audiencia del contratista e informe del servicio competente a evacuar en ambos casos en un plazo de cinco días hábiles.*
- 3. Informe, en su caso, de la Asesoría Jurídica y de la Intervención, a evacuar en el mismo plazo anterior.*
- 4. Resolución motivada del órgano que haya celebrado el contrato y subsiguiente notificación al contratista.*

Salvo que motivos de interés público lo justifiquen o la naturaleza de las incidencias lo requiera, la tramitación de estas últimas no determinará la paralización del contrato”.

Segunda.- O artigo 242. 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP), indica, en relación coa modificación dos proxectos “... Cuando el director facultativo de la obra considere necesaria una modificación del proyecto y se cumplan los requisitos que a tal efecto regula esta Ley, recabará del órgano de contratación autorización para iniciar el correspondiente expediente”

Neste caso, dita autorización foi aprobada pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o 13-05-2022.

Terceira.- Tendo en conta o disposto no artigo 205 da LCSP, que establece “Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

2. Los supuestos que eventualmente podrían justificar una modificación no prevista, siempre y cuando esta cumpla todos los requisitos recogidos en el apartado primero de este artículo, son los siguientes:

a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

1º. Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.



2º. *Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.*

b) *Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:*

1º. *Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.*

2º. *Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.*

3º. *Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.*

(...)”.

No proxecto modificado, e informes da Dirección técnica, indicase o suposto acaecido para a modificación, así como relativo aos requisitos recollidos no apartado b) do artigo 205.2, no sentido “...necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato...” indicando, neste sentido que se cumpren todas as condicións establecidas no indicado artigo.

Cuarta.- No que atinxe as especialidades procedementais sinaladas no artigo 207 da LCSP, a proposta para a modificación, así como o proxecto modificado, aparece aceptada polo contratista, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

En todo caso e consonte ao establecido polo Artigo 206 da LCSP, “... las modificaciones acordadas por el órgano de contratación serán obligatorias para los contratistas cuando

impliquen, aislada o conjuntamente, una alteración en su cuantía que no exceda del 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido.

Cuando de acuerdo con lo dispuesto en el apartado anterior la modificación no resulte obligatoria para el contratista, la misma solo será acordada por el órgano de contratación previa conformidad por escrito del mismo, resolviéndose el contrato, en caso contrario, de conformidad con lo establecido en la letra g) del apartado 1 del artículo 211”.

Segundo o proxecto e informes da Dirección Técnica, neste caso o importe do modificado suporía un incremento de 58.186,52€ (IVE incluído), non superando o 20%, xa que indica “... en este caso el incremento asciende al 19,49%” respecto del precio primitivo.

Quinta.- Tratándose dun contrato de obras, debe atenderse ao establecido no artigo 242 da LCSP, que sinala “...Cuando las modificaciones supongan la introducción de unidades de obra no previstas en el proyecto o cuyas características difieran de las fijadas en este, y no sea necesario realizar una nueva licitación, los precios aplicables a las mismas serán fijados por la Administración, previa audiencia del contratista por plazo mínimo de tres días hábiles. Cuando el contratista no aceptase los precios fijados, el órgano de contratación podrá contratarlas con otro empresario en los mismos precios que hubiese fijado, ejecutarlas directamente u optar por la resolución del contrato conforme al artículo 211 de esta Ley”.Este trámite coñecese como acta de prezos contraditorios.

Sexta.- Que de acordo co establecido no artigo 242.5 da LCSP, reproducido, cando a tramitación do modificado esixa a suspensión temporal parcial ou total da execución das obras e elo ocasionará graves prexuízos para o interese público, poderase acordar que continúen provisionalmente as mesmas, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para a súa financiación.

Neste caso, segundo o proxecto modificado e informes técnicos, indica que non supón incremento superior ao 20% do prezo primitivo do contrato, ao alcanzar dito modificado o 19,49%.



Sétima.- Consta Certificado da intervención de 09-05-2022, de que existe crédito adecuado e suficiente para a súa financiación, na aplicación 4530.619, para o importe de 58.186,52€ euros.

Oitava.- A modificación do contrato conlevará o reaxuste da garantía nos termos establecidos no artigo 109.2 da LCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado.

Neste caso procede a constitución de garantía definitiva por importe de 2.404,40€ (5% sobre incremento modificado sen IVE).

Novena.- A modificación do contrato pode levar a un aumento do prazo, prevíndose este reaxuste no artigo 162 do RD 1098/2001 do 12 de outubro (RXLCAP).

No proxecto indícase que se modifica o prazo de execución, fixándose nova data de finalización dos traballos de execución na data do 14 de setembro de 2022.

Décima.- Tendo en conta que o PCAP reitor do contrato establece na súa cláusula 3 “O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é o que figura no apartado B do cadro resumo (Xunta de Goberno).

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos e poñen fin a vía administrativa, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación en vía administrativa e/ou xurisdiccional, nos termos que se indican. O órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 54 do Regulamento orgánico, da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de 03 de setembro de 2020.

Conclusión

En atención ás consideracións expostas e atendendo á xustificación para a modificación do proxecto, efectuada pola dirección da obra, infórmase favorablemente a modificación do proxecto da obra O Páramo.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Páramo (LU-P-4304)” (1.164M) entendendo o que subscribe, que procede que polo órgano de contratación se adopte resolución neste sentido:

1. Aprobar o proxecto modificado da obra O Páramo.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Páramo (LU-P-4304)” (1.164M), con informe de supervisión favorable, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D José Fernández Parajes, por importe de 439.381,09€ dos que 76.256,22€ son de IVE.

2. Aprobar a modificación do contrato adxudicado á mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, que prestou conformidade ao mesmo, aplicando a mesma baixa de adxudicación que o proxecto primitivo, polo que resulta un importe de adxudicación de 356.777,43 € (IVE incluído) supoñendo un aumento respecto do primitivo de 58.186,52€ IVE incluído, (19,49%).

3. Aprobación do gasto por importe de 58.186,52€.

4. Requirir a empresa para que reaxuste a fianza definitiva na cantidade de 2.404,40 €, no prazo de dez días dende a notificación do presente.

5. Establecer un reaxuste no prazo de execución, fixando como data límite de execución das obras do proxecto modificado o 14 de setembro de 2022.

6. Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

7. Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.



E todo canto procede informar, salvo mellor criterio fundado en dereito”.

A vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte Acordo:

1º.- Aprobar o proxecto modificado da obra O Páramo.- Acondicionamento da LU-P-4304 “Pobra de San Xiao (LU-546)- Páramo (LU-P-2904)”, p.k. 5+200 a 5+435 e tramo antigo da LU-P-2904 “Conturiz (N-VI) – Páramo (LU-P-4304)” (1.164m), con informe de supervisión favorable, redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas, D José Fernández Parajes, por importe de 439.381,09€ dos que 76.256,22€ son de IVE.

2º.- Aprobar a modificación do contrato adjudicado á mercantil TA Isidro Hnos Blanco Trigo SL, que prestou conformidade ao mesmo, aplicando a mesma baixa de adjudicación que o proxecto primitivo, polo que resulta un importe de adjudicación de 356.777,43 € (IVE incluído) supoñendo un aumento respecto do primitivo de 58.186,52€ IVE incluído, (19,49%).

3º.- Aprobación do gasto por importe de 58.186,52€.

4º.- Requirir a empresa para que reaxuste a fianza definitiva na cantidade de 2.404,40 €, no prazo de dez días dende a notificación do presente.

5º.- Establecer un reaxuste no prazo de execución, fixando como data límite de execución das obras do proxecto modificado o 14 de setembro de 2022.

6º.- Formalizar a modificación contractual aprobada en documento administrativo.

7º.- Sometelo proxecto modificado a información pública aos efectos establecidos no art. 93 do RD 781/1986.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 18 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordou aprobar as bases da convocatoria do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2022.

Tendo en conta que o extracto do acordo da Xunta de Goberno celebrada o día 18 de marzo de 2022 se publicou no *Boletín Oficial da Provincia* núm. 70 do sábado, 26 de marzo de 2022.

Tendo en conta que de conformidade co punto sexto das Bases do procedemento de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo,

“...constituírase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.”

Tendo en conta que, nesta convocatoria se presentaron as solicitudes de premios incluídas nas listaxes que se acompañan, cuxos expedientes foron aceptados pola Comisión de Avaliación coa documentación que acompañan as solicitudes para participar no procedemento.

Tendo en conta que os criterios empregados para a súa avaliación e valoración foron os recollidos na norma específica do concurso trala aprobación polo órgano competente.



Tendo en conta que, para estes efectos, achéganse as listaxes nas que inclúen os/as solicitantes propostos, así como as solicitudes desestimadas por incumpriren os requisitos establecidos nas bases, por non acadaren a puntuación suficiente para obter premio de acordo co número máximo de premios a conceder, e no seu caso, que foron presentadas fora de prazo, e no seu caso que superaron a idade máxima establecida ou por desistencia ao non corresponderse á disciplina deportiva desenvolta, e que van rubricadas para o efecto.

Tendo en conta que, con data 29 de xullo de 2022 se constituíu a Comisión de Avaliación establecida nas Bases, que acorda formular informe de avaliación para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, na anualidade 2022.

A vista da avaliación e informe da Comisión de Avaliación

Visto o informe de servizo de Deportes

Visto o informe de Intervención

Por todo o exposto,

O Deputado Delegado que subscribe, propón a Xunta de Goberno, en base a proposta da Comisión de Valoración;

1º.- Aprobar a resolución provisional de concesión de premios a deportistas individuais, anualidade 2022, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base sétima e ao previsto na base terceira respecto da contía e distribución de premios, das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.

2º.- O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.

3º.- Notificar o presente acordo provisional aos interesados/as de acordo ao previsto na base oitava da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS EN EXECUCIÓN DO PROGRAMA “DA ESCOLA Á GRANXA”, ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“I.- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 1 de abril de 2022, acordou, entre outros:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da granxa á escola”, na anualidade 2022, dotado con 40.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2022.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.

4º.- A aprobación do gasto, por importe de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022.



II. A convocatoria e as bases canalizadoras das subvencións (en adelante, Bases) foron publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo, o 29 de abril de 2022.

Como consecuencia das ditas publicacións, foron recibidas no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade 75 solicitudes por parte de 33 ANPAS de centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo.

III. En cumprimento do establecido na Base 10, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, instruíronse e tramitáronse os respectivos expedientes, revisáronse as solicitudes presentadas e realizáronse todas as actuacións necesarias para a determinación das solicitantes que, a través da documentación achegada, acreditaron o cumprimento dos requisitos establecidos nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da LSG, e na Base 8 das canalizadoras das subvencións, para poder ser as súas beneficiarias.

En concreto, comprobouse que as 75 solicitudes integraban a documentación requirida na Base 8. Das 75 solicitudes:

- 53 integraban toda a documentación prevista na Base 8 e, ademais, era correcta.
- 22 estaban incompletas ou contiñan erros emendables.

Requiridos os 12 solicitantes cuxas 22 solicitudes estaban incompletas ou contiñan erros, e recibidas as respostas aos ditos requirimentos, completáronse os expedientes.

IV. Por outra banda, en aplicación do establecido na Base 6, determináronse os importes das subvencións correspondentes a cada unha das solicitudes.

Das actuacións citadas despréndese que as solicitantes que poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia son as interesadas dos expedientes e polos importes que

se relacionan a continuación (nas actividades organizadas por ADEGA indícase que se tratan de obradoiros no centro escolar; o resto de actividades correspóndense con visitas ás granxas):

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF	VISITAS / OBRADOIROS CONCEDIDOS	IMPORTE UNITARIO SUBVENCIÓN	IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN
2022/CCP_01/000527	ANPA do CEIP de Triacastela	G27317643	Alberto Uría Moreno (El país del Abeyeiro)	570 €	1.140 €
			Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	570 €	
2022/CCP_01/000554	ANPA Ricardo Gasset do Incio	G27230382	Arqueixal	600 €	600 €
2022/CCP_01/000555	APA y ex-alumnos de S. Jose Calasanz de Quiroga	G27190263	Caurelor	600 €	600 €
2022/CCP_01/000559	ANPA do colexio de Riotorto	G27307677	Andrea González Río (Tropic Gaia)	600 €	600 €
2022/CCP_01/000575	ANPA do CEIP de Samos en constitución	G16843799	Muvicla (AAMUVICLA)	600 €	600 €
2022/CCP_01/000536	ANPA As Faias (CEIP Virxe do Corpiño)	G27349448	Ángel Buján Zas - Granxa silvopastoril do monte veciñal en man común de Carballo	600 €	1.200 €
			As Vacas da Ulloa SCG (Sen Máis - As Vacas da Ulloa)	600 €	
2022/CCP_01/000580	ANPA do CEIP de S Cosme de Barreiros	G27304575	Arqueixal	600 €	1.200 €
			Champivil, SL	600 €	
2022/CCP_01/000587	ANPA CEIP Álvaro Cunqueiro Mora Chinhaollo	G16698755	Champivil, SL	600 €	1.200 €
			Champivil, SL	600 €	
2022/PES_03/008832	ANPA Abella do CEIP Casás	G27414051	Casa Bértolo, SC	600 €	1.200 €
			Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	600 €	
2022/CCP_01/000597	ANPA do CEIP A Ponte	G27010461	Arqueixal	600 €	1.800 €
			As Vacas da Ulloa SCG (Sen Máis - As Vacas da Ulloa)	600 €	
			Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	600 €	
2022/CCP_01/000566	Asoc. Pais de alumnos do CEIP San Miguel	G27291129	Muvicla (AAMUVICLA)	600 €	600 €
2022/CCP_01/000590	ANPA da Ulloa de Palas de Rei	G27359272	Arqueixal	600 €	1.800 €
			As Vacas da Ulloa SCG (Sen Máis - As Vacas da Ulloa)	600 €	
			Cooperativa Milhulloa	600 €	
2022/CCP_01/000552	ANPA A Faxarda do CEIP Gregorio Sanz	G27011642	Cooperativa Milhulloa	600 €	1.200 €
			Andrea González Río (Tropic Gaia)	600 €	
2022/CCP_01/000560	ANPA do CEIP de Monterroso	G27374248	Cooperativa Milhulloa	600 €	2.400 €
			Arqueixal	600 €	
			Pazo de Vilane	600 €	
			As Vacas da Ulloa SCG (Sen Máis - As Vacas da Ulloa)	600 €	
2022/CCP_01/000562	APA del Colegio Mixto comarcal de Trabada Lugo	G27019272	Arqueixal	600 €	1.200 €
			Cooperativa Milhulloa	600 €	
2022/CCP_01/000581	APA Colegio público de Covas	G27147404	A Casa da Fonte (Xosé García Freire)	600 €	600 €
2022/CCP_01/000591	Asoc. ANPA CEIP O Salvador	G27475532	Embutidos Suarna SL	600 €	600 €



DEPUTACIÓN DE LUGO

2022/CCP_01/000573	Asoc. Padres de alumnos Laverde Ruiz	G27219674	Arqueixal	600 €	600 €
2022/CCP_01/000582	Asoc. Pais de alumnos Terra Cha do CEIP de Román	G27312859	Andrea González Río (Tropic Gaia)	600 €	2.170 €
			Cooperativa Milhulloa	600 €	
			Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	485 €	
			Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	485 €	
2022/CCP_01/000557	ANPA do CEIP do Páramo	G16791758	Alberto Uría Moreno (El país del Abeyeiro)	581,4 €	581,40 €
2022/CCP_01/000558	ANPA colexio público de Pantón	G27205186	Caurelor	560 €	1.120 €
			Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	560 €	
2022/CCP_01/000576	APA de Muras	G27021948	Caurelor	600 €	600 €
2022/CCP_01/000595	AMPA Colexio CEIP Xoan de Requeixo	G27372614	A Casa da Fonte (Xosé García Freire)	600 €	600 €
2022/CCP_01/000610	APA CEIP Virxe do Monte	G27184027	Champivil, SL	600 €	1.200 €
			Avimós (Chousa do Lea)	600 €	
2022/CCP_01/000598	ANPA do CPI Tino Grandío de Guntín	G27466895	AvicavaNatur SC (Cabuxa Natur SC)	600 €	1.200 €
			AvicavaNatur SC (Cabuxa Natur SC)	600 €	
2022/CCP_01/000569	ANPA do CEIP de Oural (Sarria)	G27384635	Alberto Uría Moreno (El país del Abeyeiro)	600 €	1.200 €
			Andrea González Río (Tropic Gaia)	600 €	
2022/PES_03/010642	Asoc. ANPA CEIP As Mercedes	G27130301	Avimós (Chousa do Lea)	536 €	2.979 €
			Avimós (Chousa do Lea)	536 €	
			OVICA (Granxa Teixeira e Pistón SC)	575,5 €	
			OVICA (Granxa Teixeira e Pistón SC)	575,5 €	
			Ángel Buján Zas - Granxa silvopastoril do monte veciñal en man común de Carballo	378 €	
			Ángel Buján Zas - Granxa silvopastoril do monte veciñal en man común de Carballo	378 €	
2022/CCP_01/000599	ANPA CEIP Rosalía de Castro	G27126234	Pazo da Caldaloba	475 €	950 €
			Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	475 €	
2022/CCP_01/000600	APA CEIP Otero Pedrayo de Rábade	G27100049	Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	490 €	490 €
2022/CCP_01/000609	APA Colexio Nacional Mixto Fray Luis de Granada	G27158450	A Casa da Fonte (Xosé García Freire)	570 €	1.140 €
			A Casa da Fonte (Xosé García Freire)	570 €	
2022/CCP_01/000578	APA O Cantel do Colexio público EXB nº 2 de Foz	G27211937	Granxa As Regas-Embutidos Hermelino	367 €	6.583 €
			Granxa As Regas-Embutidos Hermelino	399 €	
			Fernando López García (Porco Celta da Couboeira)	498 €	
			As Vacas da Ulloa SCG	600 €	

		(Sen Máis - As Vacas da Ulloa)		
		Terras da Mariña S. Coop. Galega	453 €	
		Terras da Mariña S. Coop. Galega	300 €	
		Andrea González Rfo (Tropic Gaia)	390 €	
		Andrea González Rfo (Tropic Gaia)	588 €	
		Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	498 €	
		Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	498 €	
		Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	498 €	
		Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	498 €	
		Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	498 €	
		Asociación Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)-Obradoiro CE	498 €	
IMPORTE TOTAL DAS SUBVENCIÓNS				39.953,40 €

V. Por outra banda, as solicitantes que non poden obter a condición de beneficiarias das subvencións de referencia por non ter presentada toda a documentación estipulada nas bases da convocatoria en tempo e forma, despois de ser requiridas para que fixeran as emendas correspondentes, son as interesadas dos expedientes que se relacionan a continuación:

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	NIF
2022/CCP_01/000592	ANPA CEIP nº 1 de Foz	G27019371
2022/CCP_01/000596	ANPA do CPI de Navia de Suarna	G27243385

Por todo canto vai exposto, propono que pola Xunta de Goberno se acorde:

1º.- Ditar resolución provisional de concesión das subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, na anualidade 2022, en favor dos beneficiarios e nas contías que se relacionan no apartado IV desta



Proposta, de acordo aos criterios de determinación do importe das subvencións referidos na Base 6 da convocatoria.

2º.- Ditar resolución provisional de desestimación das solicitudes que se relacionan no apartado V deste Informe.

3º.- Outorgar a este Acordo provisional o carácter de definitivo, no caso de finalizar o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, e que será publicado no BOP de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo (www.deputacionlugo.gal) para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4º.- Notificar este Acordo provisional ás interesadas, por medio da súa publicación nos medios citados no apartado anterior, concedéndolles un prazo de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para presentar alegacións.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO COMO RESULTADO DA RECLAMACIÓN DE PARTICULARES COMPARECENTES EN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

O Corgo.- San Cristóbal-Adai LU-106 pk 0,000 ao 4,750.

Co base no informe do Xefe do Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos que di:

No Servizo de Expropiacións e Control de Proxectos recibíuse solicitude sobre cambio de titularidade da finca 127 do expediente expropiatorio para a obra O Corgo.- San Cristóbal-Adai

LU-106 pk 0,000 ao 4,750. Unha vez examinado o expediente e a documentación achegada, procede rectificar a mencionada titularidade no seguinte senso:

Finca	Titularidade anterior	Nova titularidade
127	María Aldegunde Dorrego	Jesús Aldegunde Villar e Piedad Carrión González

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as Deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.